



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN
REVERIANO SOUTULLO PARA A REALIZACIÓN DO I CONCURSO NACIONAL DE PIANO
MESTRE SOUTULLO E MANTEMENTO DA FUNDACIÓN**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Reveriano Soutullo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Fundación Reveriano Soutullo é para a realización do I Concurso Nacional de Piano Mestre Soutullo e para o mantemento da Fundación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





A Fundación Reveriano Soutullo ten previsto para o ano 2017 a realización do I Concurso Nacional de Piano “Mestre Soutullo” que permita fomentar e divulgar a obra para piano do mestre Soutullo.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata de actuacións únicas e de especiais características, por todo o que representa a obra de Soutullo para Galicia e a Fundación Reveriano Soutullo é a encargada de estudar, investigar e divulgar a súa obra.

Por todo o anterior é a Fundación Reveriano Soutullo a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de xuño de 2017

